



PROGRAMA INVESTIGO

Contratación de persoas mozas desempregadas
na realización de iniciativas de investigación e innovación

Novidade 2023

Obrigatorio cumprir a porcentaxe de empregos relacionados coa economía circular e/u emprego verde

Aberto o prazo ata o
2 de febreiro



Orzamento
9.175.293 €



Entidades beneficiarias

- Universidades públicas e privadas radicadas en Galicia con actividade en I+D+i.
- Centros e institucións sanitarias públicos e privados sen ánimo de lucro radicadas en Galicia que desenvolvan actividades de I+D+i.
- Centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma, outros organismos públicos e Centros de I+D+i que teñan como actividade principal a I+D+i.
- Empresas pertencentes ao sector público autonómico que estean a investir na realización de iniciativas de I+D+i.
- Empresas cualificadas como IEBT e outras empresas do sector privado radicadas en Galicia que estean a investir na realización de iniciativas de I+D+i.
- Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica situados en Galicia.
- Centros privados de I+D+i sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia que teñan como actividade principal a I+D+i.

Acceso á ficha da
sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 04/01/2023



PROGRAMA INVESTIGO

Contratación de persoas mozas desempregadas na realización de iniciativas de investigación e innovación



Contía e xustificación da axuda

- A concesión e a xustificación das subvencións realizarase a través do réxime de módulos por cada persoa contratada participante no Programa Investigo.
- A subvención calcularase en base ao número de persoas a contratar, segundo os módulos seguintes:

100%
Pagamento
anticipado

Contía máxima da
subvención por persoa
contratada e ano

Módulo A (Grupos de cotización á
Seguridade Social 9 a 5)

22.405,92 €/ano

Módulo B (Grupos de cotización á
Seguridade Social 4 a 1)

33.108,84 €/ano

- A xustificación realizarase no prazo de dous meses tralo remate dos contratos, incluíndo unha memoria de actuación coas actividades realizadas (con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como do cumprimento segundo o modelo que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia) e unha memoria económica.



Gastos subvencionables

- A subvención destinaranse a cubrir os custos laborais e salariais, incluíndo os gastos de cotización por todos os conceptos á Seguridade Social, das persoas mozas contratadas.
- Os contratos formalizaranse na modalidade de contratación que mellor se axuste ás circunstancias concretas de cada iniciativa, acorde coa lexislación vixente.
- O período subvencionado será de 12 meses e xornada laboral a tempo completo mesmo cando o contrato formalizado teña unha duración superior.
- Deberase ter en conta a normativa laboral que sexa de aplicación por razón do contrato asinado.

Non será subvencionable o contrato das persoas mozas que desempeñasen na mesma entidade **calquera tipo de posto de investigación no prazo de 6 meses inmediatamente anteriores** á data da solicitude.

Tampouco serán subvencionables os contratos **daquelas outras** cuxos contratos foran **subvencionados ao abeiro do Programa Investigo 2022.**



PROGRAMA INVESTIGO

Contratación de persoas mozas desempregadas na realización de iniciativas de investigación e innovación



Actividades de I+D+i a desenvolver

- As actividades de I+D+i desenvolveranse en centros de traballo de Galicia polas persoas capacitadas para **levar a cabo proxectos de investigación en calidade de investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i**, facilitando a súa inserción laboral.
- As iniciativas de I+D+i desenvolveranse **necesariamente en ocupacións referidas a transición ecolóxica, economía verde** (enerxías renovables, tratamento de augas e residuos e industria agroalimentaria).

Non se poderán contratar persoas mozas que desempeñasen calquera tipo de posto de investigación **no prazo de 6 meses inmediatamente anteriores** á data da solicitude na mesma entidade, organismo, centro ou empresa ou grupo de empresas ou **aquelas outras cuxos contratos foran subvencionados ao abeiro do Programa Investigo 2022.**



Requisitos das persoas a contratar

- 1º Con idade **entre 16 e menores de 30 anos** desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no servizo de emprego correspondente e
- 2º Que cumpran os **requisitos esixidos pola modalidade de contrato** a formalizar.

Criteria a ter en conta na selección das persoas a contratar

- **Maior adecuación** entre a formación académica e o programa de investigación.
- Dispoñer de **estudos específicos relacionados coa materia** a desenvolver.
- A valoración deberá realizarse mediante o **uso de currículo cego garantindo o principio de non discriminación** por ningunha razón.
- As entidades **poderán utilizar o portal de Emprego Galicia ou o Servizo Público de Emprego de Galicia** para a solicitar as persoas desempregadas a contratar.

Máximo de
contratos
subvencionables
por entidade

Universidades
públicas e privadas

11 contratos

Centros e
institucións de I+D+i

6 contratos

Empresas

25 contratos

Obrigatorio

Mín. 20% relacionados
coa economía circular
e/ou emprego verde

Mín. 30% relacionados
coa economía circular
e/ou emprego verde

Mín. 50% relacionados
coa economía circular
e/ou emprego verde